




PRESENTACIÓN DO LIBRO *NON DEBEU FALTAR*

JOSÉ LORENZO TOMÉ



Teatro AS TORRES de SANTA CRUZ
xoves, 10 de marzo, ás 20 horas

Intervirán

O autor: **José Lorenzo Tomé**

A profesora de Lingua Francesa: **Carmen Ares Noya**

A profesora de Lingua Castelá e Literatura: **Esther Lorenzo García**

Non debeu faltar preséntanos o amor como un dos feitos máis extraordinarios da condición humana, pero a veces ese amor é declarado ilegal e os amantes son perseguidos, renovándose deste xeito a historia do amor condenado e prohibido. A resistencia e convicción, xunto coa lealdade dos amigos, provocará unha loita máis a favor do coñecemento e da liberdade. Unha novela que analiza o sentido da vida xunto coa reflexión sobre a inxustiza.

José Lorenzo Tomé é escritor e filósofo. Doutor en Filosofía e licenciado en Bioloxía. Exerceu como profesor de filosofía en diversos institutos de Galicia. Como autor, ademais desta obra, tamén ten publicado en narrativa libros como *Bergan*, *Alma: un sopro de aire fresco*, *Delourando os días* e *A cidade branca* e en ensaio *Jürgen Habermas, Las identidades: las identidades morales y políticas en la obra de Jürgen Habermas*, *O silencio dos deuses: filosofía e literatura* e *Theodor W. Adorno: el rescate de la felicidad*.

En atención ás indicacións e medidas de seguridade fronte ao COVID-19 será obrigatorio manter a distancia de seguridade e asistir con máscara, así como atender ás indicacións e normas da organización.

Desde as bibliotecas municipais invítase ás persoas que desexen asistir, ata completar o aforo permitido, para que gocen coa palabra.